

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 23 de novembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9,00 horas do día vinte e tres de novembro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións: ordinaria do 16.11. e extr. urx. do 16.11.2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(1488).- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE SERVIDORES PARA UN PROXECTO DE ESCRITORIOS VIRTUAIS QUE SE VAI IMPLANTAR NO CONCELLO. APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 6118/113.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do técnico de sistemas e do xefe do servizo de Administración Electrónica, de data 19.11.2012,

conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira delegada de Facenda, co informe da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica do 30.10.2012, e co informe da técnico de Fiscalización, do 19.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aproba-los pregos de condicións do expediente 6118-113 para a adquisición de servidores e clientes para proxecto de escritorios virtuais que se vai implantar no Concello de Vigo.

2º.-Aproba-lo gasto de 114.000 € para para a adquisición de servidores para un proxecto de escritorios virtuais que se vai implantar no Concello de Vigo con cargo a partida 9227 6260000 (ADQUISICION DE EQUIPOS INFORMATICOS) do presuposto do ano 2012. Divido en 2 lotes, un primeiro para servidores por un importe de 74.000 € e un segundo lote para clientes lixeiros e PC`s por un importe de 40.000 €

3º.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento NEGOCIADO CON PUBLICIDADE para a adquisición de servidores para un proxecto de escritorios virtuais que se vai implantar no Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 26-10-2012 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado con publicidade de data 09-11-2012.

4º.- Abrir-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

3(1489).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE VIGO-COAST, S.L., POLA PROMOCIÓN E CELEBRACIÓN DE DIVERSOS EVENTOS. EXPTE. 9141/101.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe de Relacións Públicas, de data 18 de outubro de 2012, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral, do 5.11.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 14.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente na adquisición dunha bandeira de Vigo en medidas 400x230 mm o 4/11/11 co gallo da promoción e celebración de diversos eventos, recollida na fra nº A20111194, emitida por Vigo-Coast, S.L., co CIF B-36906378.

2.- Aprobación da indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Vigo-Coast, S.L., por un importe de 371,70 € segundo o estipulado no parágrafo precedente da proposta.

3.- Recoñecer a obriga a favor de Vigo-Coast, S.L., co CIF A20111194, por importe de 371,70 €, consonte coa factura A20111194 de data 4/11/2011, con cargo á partida

9120.226.01.01 "Rec. Ext. Tenencia Alcaldía Fras Gtos Protocolo", do vixente orzamento, pola adquisición dunha bandeira de Vigo ,co gallo da promoción e celebración de diversos eventos, que tivo lugar no mes de novembro de 2011.

4(1490).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE INVERSIONES MAR 2000, S.L., "PAZO LOS ESCUDOS HOTEL & RESORT", CO GALLO DA VOLTA CICLISTA A ESPAÑA -SETEMBRO 2007-. EXPTE. 9139/101.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe de Relacións Públicas, de data 18 de outubro de 2012, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral, do 2.11.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 14.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Declarar a nulidade das prestacións realizadas consistente no servizo de xantar do Campionato do Mundo de Hockey -xullo 2009- e hospedaxe prestado co gallo da Volta Ciclista a España -setembro 2007, recollidas nas fras nº 22530 e 11382, emitidas por Inversiones Mar 2000, S.L. *Pazo Los Escudos Hotel & Resort*, co CIF B-36806289.

2.- Aprobación da indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Inversiones Mar 2000, S.L. *Pazo Los Escudos Hotel & Resort*, por un importe de 1.703,85 € segundo o estipulado no parágrafo precedente da proposta.

3.- Recoñecer a obriga a favor de Inversiones Mar 2000, S.L. *Pazo Los Escudos Hotel & Resort*, co CIF B-36806289, por importe de 1.703,85 €, consonte coas facturas 22530 de data 31/07/2009 por importe de 163,05 € e 11362 de data 6/11/2007 por importe de 1.540,80 €, con cargo á partida 9120.226.01.01 "Rec. Ext. Créd. Gtos Protocolo Tenencia Alcaldía", do vixente orzamento, pola realización dos servizos de xantar para o Campionato de Mundo de Hockey que tivo lugar en Vigo en xullo de 2009 e hospedaxe, co gallo do paso pola nosa cidade da Volta Ciclista a España en setembro 2007..

5(1491).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE IR INDO EDICIÓNS, S.L., CO GALLO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. EXPTE. 9138/101.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe de Relacións Públicas, de data 18 de outubro de 2012, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral, do 8.11.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 15.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente na compra de 300 libros "Alvaro Cunqueiro" con CD da autoría de Francisco Fernandez del Riego, co gallo da celebración do día das Letras Galegas- 2011, por importe de 5.358,23 Euros, de acordo coa factura nº 04 106 de importe 5.358,23€ de data 02-06-2011 emitida por Ir Indo Edicións, S.L co CIF nº B36636413.

2.- Aprobación da indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Ir Indo Edicións, S.L, por un importe de 5.358.23 € segundo o estipulado no parágrafo precedente da proposta.

3.- Recoñecer a obriga a favor de Ir Indo Edicións, S.L co CIF B36636413, por importe de 5.358,23 €, consonte coa factura 04 106 de data 2/06/2011, con cargo á partida 9120.226.02.01 "Rec. Ext. Publicidad T. Alcaldía.", do vixente orzamento, pola coa compra de 300 libros Alvaro Cunqueiro" con CD da autoría de Francisco Fernandez del Riego, co gallo da celebración do día das Letras Galegas- 2011.

6(1492).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE.: 1441/02, 23/06, 1009/16,1348/24 E 1584/02.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-propostas do xefe de Área de Benestar Social, do 12, 13 e 15.11.2012, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a. Margarita Bamio Silva. Expte.1441/02.
- D^a Albina Duran Groba. Expte. 23/06.
- D^a Aquilina Gregorio Dominguez. Expte. 1009/16.
- D^a Olga Puertas Olivet. Expte. 1348/24.
- D^a Georgina Novoa Sarria. Expte. °1584/301.

7(1493).- REVISIÓN DE PREZOS IPC MAIO 2011-MAIO 2012, NO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, A NOME DE CLECE, S. A. EXPTE. 77109/301.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da técnica de Servizos Económicos, de data 28.06.2012, conformado polo xefe de área de Benestar Social, pola concelleira delegada da área e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, e polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

"Primeiro: Aprobar o incremento do contrato do servizo de axuda no fogar correspondente a variación do IPC, período maio/2011-maio/2012, do 1,9% segundo datos do INE que se achegan. Tal e como se determina nas bases, o incremento recollerá o 85% da variación experimentada, quedando fixada, polo tanto, a efectos do cálculo no 1.62% sobre a cantidade a actualizar (2.982.593,44

euros), o que supón un importe de 48.318,02 euros, quedando, polo tanto, o importe actualizado do contrato en 3.030.911,46 euros.

Segundo: Aprobar o gasto por importe de 48.318,02 euros, con cargo á partida 2310.2279901 a nome de CLECE, S.A., NIF A80364231.

8(1494).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, S.L.U., POLOS TRABALLOS DE ORGANIZACIÓN E TRABALLO SOCIAL NO DISPOSITIVO DE MARQUES DE VALTERRA, 6, NO MES DE OUTUBRO. EXPTE. 79295/301.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da técnica de Actividades Económicas, de data 9.11.2012, conformado polo xefe de área de Benestar Social e pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral, do 15.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 8.115,80 euros, a favor de “Atención Social en Emergencias Grupo 5, S.L.U.”, Cif. B-85595239, polos traballos de organización e traballo social no dispositivo de Marqués de Valterra, núm 6, do mes de outubro de 2012.

2.- Imputar o gasto de 8.115,80 euros á partida orzamentaria 2310.2279909 “Outras actividades grupos desfavorecidos”, ou a súa bolsa de vinculación.

9(1495).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE CICLO GRUPO 5, S.L.U., POLOS SERVIZOS AUXILIARES NO DISPOSITIVO DE MARQUES DE VALTERRA, 6, NO MES DE OUTUBRO. EXPTE. 79294/301.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da técnica de Actividades Económicas, de data 9.11.2012, conformado polo xefe de área de Benestar Social e pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral, do 18.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 9.676,26 euros, a favor de “Ciclo Grupo 5, S.L.U.”, Cif. B-84184662, polo concepto de servizos auxiliares no dispositivo de Marqués de Valterra, núm 6, no mes de outubro de 2012.

2.- Imputar o gasto de 9.676,26 euros á partida orzamentaria 2310.2279909 “Outras actividades grupos desfavorecidos”, ou a súa bolsa de vinculación.

10(1496).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE FUNDACION ALDABA, POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA E Á FAMILIA NO MES DE OUTUBRO. EXPTE. 79227/301.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da técnica de Actividades Económicas, de data 5.11.2012, conformado polo xefe de área de Benestar Social e pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral, do 15.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 41.960,43 euros, a favor de “FUNDACIÓN ALDABA”, Cif. G-82453606, pola prestación dos servizos do dispositivo de atención á infancia e á familia no mes de outubro de 2012

2.- Imputar o gasto de 41.960,43 euros á partida orzamentaria 2310.226.09.07 “Programa menores-convenio infancia” ou a súa bolsa de vinculación

11(1497).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, S.L.U., POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO DURANTE O MES DE OUTUBRO 2012. EXPTE. 79226/301.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da técnica de Actividades Económicas, de data 5.11.2012, conformado polo xefe de área de Benestar Social e pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral, do 15.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 5.499,66 euros, a favor de “Atención Social en Emergencias Grupo 5, S.L.U.”, Cif. B-85595239, pola prestación dos servizos do programa de redución do dano en medio aberto durante o mes de outubro de 2012.

2.- Imputar o gasto de 5.499,66 euros á partida orzamentaria 2310.2279909 “Outras actividades grupos desfavorecidos” ou a súa bolsa de vinculación.

12(1498).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A FAVOR DE MÓNICA GONZÁLEZ FRANCISCO. EXPTE. 4251/241.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe da oficina Administrativa de Contratación, e co informe do Interventor Xeral, do 5.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Devolver a MONICA GONZÁLEZ FRANCISCO a fianza de **1200 euros** CARTA DE PAGAMENTO 200900047067, **1200 euros** CARTA DE PAGAMENTO 200900047069, **1200 euros** CARTA DE PAGAMENTO 200900047068, **1200 euros** CARTA DE PAGAMENTO 200900047060 constituída para responder dos servizos da “Explotación dos quioscos das praias do Tombo do Gato, Argazaba e Samil” xa que as instalacións foron retiradas pola empresa no tempo establecido.

13(1499).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A FAVOR DE SIELVIGO, S.L. EXPTE. 4228/241.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe da oficina Administrativa de Contratación, e co informe do Interventor Xeral, do 5.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Devolver a SIELVIGO S.L. a fianza de 2866,38 euros constituída para responder dos subministros para obras de “Mellora da iluminación da estrada vella de Madrid” xa que o subministro foi recibido mediante acta de 8 de setembro de 2009 e por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

14(1500).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A FAVOR DE LA CALETA FOREVER S.L. EXPTE. 4252/241.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe da oficina Administrativa de Contratación, e co informe do Interventor Xeral, do 5.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Devolver a LA CALETA FOREVER S.L. a fianza de **600 euros** CARTA DE PAGAMENTO 201200031632, **600 euros** CARTA DE PAGAMENTO 201200031633, **600 euros** CARTA DE PAGAMENTO 201200044404, **600 euros** CARTA DE PAGAMENTO 201200044405 constituída para responder dos servizos da “Explotación dos quioscos da praia do Vao-A Guia e Santa Baia-Alcabre” xa que as instalacións foron retiradas pola empresa no tempo establecido.

15(1501).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A FAVOR DE CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRAS S.L. EXPTE. 13660/332.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe da oficina Administrativa de Contratación, e co informe do Interventor Xeral, do 19.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“ Devolver a CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRAS S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 7450,14 euros constituída para responder das obras da “ Transformación da vivenda do porteiro colexio Escultor Acuña”, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 30 de decembro de 2010 e por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

16(1502).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A FAVOR DE ORECO, S.A. EXPTE. 4282/241.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe da oficina Administrativa de Contratación, e co informe do Interventor Xeral, do 11.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Devolver a ORECO S.A. a fianza de 7702,94 euros constituída para responder das obras do “Proxecto de rehabilitación do entorno do Cruceiro Vello de Bouzas, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 29 de outubro de 2010 e por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

17(1503).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A FAVOR DE ARCAL GRUPO NORTE S.A. EXPTE. 4267/241.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe da oficina Administrativa de Contratación, e co informe do Interventor Xeral, do 8.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ARCAL GRUPO NORTE S.A. a fianza de 10708,20 euros constituída para responder do “Servizo de atención telefónica a través do teléfono 010 do Concello de Vigo” xa que o servizos foron recibidos mediante acta de 10 de febreiro de 2011 e por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

18(1504).- ADXUDICAR A FORMATEN PLATAFORMAS DE SISTEMAS Y DESARROLLOS S.L. A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E MANTEMENTO DUN SITIO WEB PARA O PROXECTO SUN PROJECT. EXPTE. 8873/77.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, de data 13.11.2012, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 19.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a Formaten Plataformas de Sistemas y Desarrollos S.L. (CIF B-32332652) o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de deseño e mantemento dun sitio web para o proxecto “SUM PROJECT”. (exped 8873-77) por un prezo sen IVE de 16.016,95 sendo a cota correspondente o IVE do 21% a de 3.363,56 o que supón un prezo total do contrato de 19.380,51 euros, unha redución do prazo de execución das tres primeiras fases do contrato de 14 días (2 semanas) sobre o prazo de tres meses previsto para a execución das mesmas e un incremento di prazo de garantía esixido de 12 meses.

19(1505).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE CIVISGLOBAL POR ACTUACIÓN NO PARQUE DE BARREIRO. EXPTE. 11327/333.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, de data 23.10.2012, conformado polo concelleiro de Deportes, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral, do 5.11.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 13.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Declarar a nulidade da realización das obras no parque de Barreiro, recollidas na fra nº 202 pola empresa Civisglobal, S.L, antes Movexvial, S.L, co CIF B-36684157.
- 2.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extrajudicial de crédito a favor de Civisglobal, S.L., antes Movexvial, S.L., por un importe de 141.769,94 € segundo o estipulado nos parágrafos precedentes da proposta.
- 3.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Civisglobal, S.L., antes Movexvial, S.L. co C.I.F. B 36684157, por importe de 141.769,94 Euros, consonte coa factura de data 31/05/2012 co número 202 con cargo á partida 3410.609.00.58 "Rec. Ext. Cred. Movexvial P. Dep. Barreiro", do vixente orzamento.

20(1506).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2012. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EPXTE. 9175/77.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 23.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, do 31.10.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 16.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- I. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a **Asociación para a Síndrome de Down**, con CIF: **G-36.697.324**.
- II. Autorizar o gasto de 22.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
- III. Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don **Fernando Molina Magdalena**, como **Presidente da Asociación para a Síndrome de Down**, con CIF: **G36.697.324**, e enderezo social en **rúa Portela nº 48, baixo, de Vigo**, de **Vigo**, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade máis inclusiva, máis xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas asociacións, federacións, fundacións, organizacións veciñais, sociais, empresariais sindicais, etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación para a Síndrome de Down, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades, a promoción e realización de todas cantas actividades se encamiñen a mellora da calidade de vida das persoas con síndrome de Down, con especial énfases en aquelas dirixidas a súa integración na vida familiar, escolar, social e laboral.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza en xeral e das persoas con síndrome de Down en particular, ademais dos de fomento da empregabilidade, sen olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación **das persoas desempregadas con síndrome de Down e do seu entorno, pola Asociación para a Síndrome de Down**, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é procurar a inserción laboral a persoas coa Síndrome de Down a través da prospección das empresas do Concello de Vigo

V.- Que a **Asociación para a Síndrome de Down** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da **Asociación para a Síndrome de Down**, o Concello de Vigo e a dita **Asociación para a Síndrome de Down** convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A **Asociación para a Síndrome de Down**, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e, concretamente, a:

- Inserir laboralmente a persoas coa Síndrome de Down e discapacidade intelectual a través da prospección das empresas do Concello de Vigo
- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicárase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
- No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral e o seu acceso será aberto e gratuíto.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da **Asociación para a Síndrome de Down**
3. Conceder directamente á **Asociación para a Síndrome de Down** unha subvención total por importe de **22.000,00 €** con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificada a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

IV.A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

V.En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

VI.A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

2.O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

3.Tres vocais:

1.Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

2.Dous a membros da Xunta directiva da entidade **Asociación para a Síndrome de Down.**

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de novembro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente

pola **Asociación para a Síndrome de Down** no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitava.-A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

21(1507).- MEMORIA VALORADA PARA “SISTEMA DE RECLORACIÓN EN LIÑA EN SÁRDOMA. EXPTE. 2255/443.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe da área de Fomento, de data 6.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, de data 10.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1º.- Aprobación da memoria valorada para executa-las obras de “Sistema de recloración en liña en Sárdoma”, por un importe total de 76.347,85 € (I.V.E. excluído), segundo o recollido na cláusula quinta na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC, e que non supón gasto para o Concello, xa que as obras a realizar están incluídas na relación de melloras propostas por Aqualia na citada cláusula quinta.
- 2º.- Autorización á empresa “Aqualia ”, concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, para a realización das obras descritas, segundo o establecido na cláusula quinta do acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011.

22(1508).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE PETTRA, CORRESPONDENTE A ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ALVAREZ. EXPTE. 1556/440.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe da área de Fomento, de data 27.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, de data 13.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á factura 021/2012 de data 23 de agosto de 2012 presentada no Rexistro Xeral pola mercantil PETTRA con data 24 de agosto de 2012, correspondente á á diferenza do IVE da Asistencia Técnica á dirección facultativa das obras de Urbanización da Rúa Manuel Álvarez por importe de 635,16 Euros (IVE engadido).

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante Recoñecemento Extraxudicial de Crédito a favor de PETTRA por importe de 635,16 Euros.

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor da mercantil PETTRA. por un importe de 635,16 Euros, imputable á aplicación orzamentaria 1550.210.00.04 "RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO DIFERENCIAS POR CAMBIO DE IVE".

23(1509).- EXECUCIÓN DE SENTENZA DA AUDIENCIA NACIONAL SOBRE IVE DEVENDADO POR "CESIÓN PRAZA DO BERBÉS". EXPTE. 1610/440.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do Asesor Xurídico da área, de data 8.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, de data 14.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

En execución da sentenza da Audiencia Nacional de data 5 de outubro de 2011, recoñecer e aboar ao Consorcio da Zona Franca de Vigo a súa factura número VAR0700048 de data, 31/12/2007, e data de entrada no Rexistro Xeral do Concello, 18/01/2008, por importe de 322.556,21€ en concepto de I.V.E. devengado por "cesión Praza do Berbés".

O gasto aboarase con cargo á partida 1550.619.0002 do vixente orzamento de gastos.

24(1510).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DO CALVARIO (ACECA), Ó NON HABER DANOS POLA CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN NA PRAZA MARUJA MALLO. EXPTE. 83973/210.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da enxeñeiro técnico municipal, de data 13.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval presentado en data 2 de outubro de 2012 pola ASOCIACION DE COMERCIANTES DO CALVARIO (ACECA), con C.I.F.G-36661536, por un importe de **2000 €**, para responder dos posíbeis danos derivados da celebración de diversas actividades de

Dinamización na rúa, na praza Maruja Mallo, do 4 de outubro ó 4 de novembro de 2012.

25(1511).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ARGIMIRO ALBORÉS, POLO ACTO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA CON MOTIVO DA NOITE DE SAN XOÁN. EXPTE. 4577/104.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, de data 8.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 19.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de ARGIMIRO ALBORÉS, (CIF 36088128R), na contía de 3.000,00 €, correspondentes ao acto de promoción turística con motivo da noite de San Xoán, en relación coa factura que se cita.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2012, recoñecer a obriga do gasto a favor do acreedor, ARGIMIRO ALBORÉS, (CIF 36088128R), polo importe de 3.000,00 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
4512-104	V	101	23/06/12	2.542,37 €	457,63 €	3.000,00 €

3º.- Ordenar o pago a favor de ARGIMIRO ALBORÉS, (CIF 36088128R), polo devandito importe de 3.000,00 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4320.227.99.04 "Actividades de promoción turística" do orzamento vixente.

26(1512).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISE FESAN, POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS NAS LUDOTECAS DA CASA DA XUVENTUDE E PAVILLÓN DE COIA, DURANTE O MES DE SETEMBRO 2012. EXPTE. 3642/336.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da xefa do servizo de Xuventude, de data 9.10.2012, conformado pola concelleira delegada da área e pola concelleira delegada de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 30.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

"1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número B/28 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 con data de entrada no Rexistro Xeral o día 3 de outubro de 2012, por un importe de 13.718,29 € en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da

Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de setembro de 2012 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2012.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29 €, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de setembro de 2012 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2012 partida 3370 2279900 "*Ludoteca Casa da Xuventude e Coia*" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2012".

27(1513).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE XOMA INICIATIVAS SOCIAIS, POLO ASESORAMENTO E INFORMACIÓN E DINAMIZACIÓN XUVENIL, MESES AGOSTO E SETEMBRO. EXPTE. 3636/336.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da xefa do servizo de Xuventude, de data 8.10.2012, conformado pola concelleira delegada da área e pola concelleira delegada de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 8.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

"1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran nas facturas número X20/12, con data de entrada no Rexistro Xeral o día 30 de agosto de 2012, por un importe de 7.776,00 € en concepto de Asistencia Técnica para o asesoramento en información e dinamización xuvenil do mes de agosto, e a factura e X21/12, con data de entrada en Rexistro Xeral 5 de setembro por un importe 7.920,00 € a favor de Xoma Iniciativas Sociais" C.I.F. B36873925 e en concepto de Asistencia Técnica para o asesoramento en información e dinamización xuvenil do mes de setembro, con cargo á partida 3370 2279903 "*Asistencia Técnica para Servizos de Información Xuvenil*" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2012.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Xoma Iniciativas Sociais" C.I.F. B36873925, por un importe total de 15.696,00 €, en concepto de Asistencia Técnica para o asesoramento en información e dinamización xuvenil dos meses de agosto e setembro, con cargo á partida con cargo á partida 3370 2279903 "*Asistencia Técnica para Servizos de Información Xuvenil*" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2012".

28(1514).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA CONCEPCIÓN CUÑA PÉREZ, XESTIÓN DO PUNTO XOVE. EXPTE. 3638/336.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da xefa do servizo de Xuventude, de data 8.10.2012, conformado pola concelleira delegada da

área e pola concelleira delegada de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 30.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran nas facturas número 13/2012 e 14/2012 de “Concepción Cuña Pérez”, NIF 36.091261Y, con data de entrada no Rexistro Xeral o día 6 de outubro de 2012, por un importe de 3.008,62 € en concepto de Xestión do Punto Xove do 16 ao 31 de agosto e 6.128,66 € en concepto de xestión do Punto Xove durante o mes de setembro, con cargo á partida 3370 2279902 “*Punto Xove e Infobus*” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2012.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de “Concepción Cuña Pérez”, NIF 36.091261Y por un importe total de 9.137,28 € €, en concepto de xestión do Punto Xove do 16 ao 31 de agosto e Xestión do Punto Xove do mes de setembro, con cargo á partida con cargo á partida 3370 2279902 “*Punto Xove e Infobus*” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2012”.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

29(1515).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN RÚA RAMÓN NIETO. FASE II. EXPTE. 1596/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da técnica de Xestión da Área de Fomento, de data 22.11.2012, conformado polo xefe da área e polo concelleiro delegado, co informe da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica do 16.11.2012, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 21.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto Modificado nº1 das obras de “Humanización da Avenida Ramón Nieto. Fase II”, que non supón incremento do presuposto previsto no primitivo proxecto.

SEGUNDO.- Acordar a modificación do contrato de obras adxudicado á mercantil HIDROMIÑO, S.L. en sesión da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2012 por un importe de 1.350.000,24 euros, que ten por obxecto a “Humanización da Avda. Ramón Nieto. Fase II”. A modificación acordada non implica incremento, nin diminución do importe de adxudicación. As obras executaranse conforme co sinalado no Proxecto indicado no apartado anterior.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á mercantil HIDROMIÑO, S.L., contratista adxudicataria das obras e ao servizo xestor ao obxecto de proceda á formalización da modificación contractual acordada, tendo en conta que a execución das unidades

de obra obxecto do presente modificado estímase de 15 días laborables e deben quedar executadas no ano natural 2012.

30(1516).- BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DE ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO PARA O CURSO 2012-2013. EXPTE. 14376/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe do servizo de Educación, de data 22.11.2012, conformado pola concelleira de Educación, co informe do letrado da Asesoría Xurídica do 19.11.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 22.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar as Bases da Convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” de Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo para o curso 2012-2013.
2. Aprobar a autorización de gasto de 80.000 euros da partida 3210 4890010 “Becas estudos internacionais EOIV” para a cobertura das 47 bolsas.

BASES CONVOCATORIA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, CURSO 2012-2013

(corrixidas conforme ao informe de Asesoría Xurídica de data 19/11/2012)

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, entre o alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos niveis Intermedio II, Avanzado I e Avanzado II dos Departamentos dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano; nos niveis Avanzado I e Avanzado II do Departamento do idioma portugués e nos niveis Intermedio I, Intermedio II e Intermedio III do Departamento do idioma xaponés; a fin de que participe nun programa educativo no país do idioma correspondente.

A finalidade destas bolsas é contribuir a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

Estancia durante dúas semanas nos países de Inglaterra, Francia, Alemaña, Italia, Portugal e Xapón.

Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata a cidade do destino asignado nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, en concreto voos a Londres, París, Roma, Berlín e Xapón (cidade que corresponda), e autobús a Lisboa.

Matrícula e custe do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa de clases de entre 20 e 30 horas semanais en réxime de inmersión lingüística.

Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

Aloxamento en residencias universitarias ou outras, agás no idioma xaponés, no que unicamente se financia os gastos de ida e volta e a matrícula do curso intensivo.

Acompañamento de monitor para o destino de Londres, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Inglaterra.

Seguro de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

O programa deberá realizarse, dentro do curso 2012-2013, e nunca despois do fin do primeiro semestre do ano 2013. Non obstante, o calendario definitivo se lles comunicará aos beneficiarios por parte da EOI de Vigo.

A concesión destas subvencións se efectuará baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, tal como dispoñen os artigos 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

SEGUNDA.- Número de bolsas, destinos e contía

A contía máxima de cada bolsa será a seguinte:

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis	Contía/bolsa euros	Importe total euros
36	Londres	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1.682,50.-€	60.570,00.-€
4	París	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1.895,00.-€	7.580,00.-€
3	Berlín	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1.595,00.-€	4.785,00.-€
2	Roma	Todas Intermedio II e Avanzado I e II	1.585,00.-€	3.170,00.-€
1	Lisboa	Avanzado I e II	1.395,00.-€	1.395,00.-€
1	Xapón	Intermedio I, II e III	2.500,00.-€	2.500,00.-€
47				80.000,00.-€

No caso de non cubrirse a totalidade das bolsas para os idiomas francés, alemán, italiano portugués e xaponés, as bolsas vacantes acumularanse automaticamente ao idioma inglés (Londres). O importe da bolsa deberá ser destinado na súa totalidade e exclusivamente ao financiamento do programa de estancias lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo, para esta convocatoria, cuxa síntese se inclúe como ANEXO IV das presentes bases.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 80.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 32104890010 "Becas estudos internacionais", do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2012.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

A publicación das presentes bases realizarase mediante anuncios nas páxinas web e nos taboleiros oficiais de anuncios do Concello (www.vigo.org) e da EOI, e igualmente mediante a inserción do anuncio da convocatoria nun diario local impreso de maior tirada.

A resolución que acorde a concesión das bolsas, con expresión do/a alumno/a solicitante, expediente, finalidade da axuda (Bolsas Concello de Vigo 2012-2013) e a resolución atribuída (concedida, denegada ou lista de agarda), publicarase nos taboleiros de anuncios e webs citadas de acordo co disposto no artigo 15.2.c) da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O contido desta convocatoria publicarase na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

O **prazo de presentación de solicitudes será de 7 días hábiles** contados dende o seguinte á publicación da convocatoria na prensa local.

CUARTA.- Beneficiarios e requisitos

1. Os beneficiarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, da EOI de Vigo, que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

VII. Estar empadroado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro 2012, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.

VIII. Ter a maioría de idade legal

IX. Estar matriculado/a na sede central EOI de Vigo (r/Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións nos idiomas inglés, francés, alemán, italiano, portugués ou xaponés no curso 2012-2013.

IV. Ter aprobados tres cursos na EOI de Vigo nos últimos 5 anos no idioma no que solicita a bolsa.

V. Non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.

VI. Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOI de Vigo nas anteriores edicións, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.

VII. Non ter gozado nos cinco últimos anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade.

VIII. Estar situado nun lugar da orden de prelación de solicitudes que lle permita a obtención dunha das bolsas convocadas.

2. Deberán solicitar as prazas os/as alumnos/as interesados.

3. As bolsas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes Bases. As solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas serán incluídas automaticamente nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

4. Serán obrigas dos beneficiarios das bolsas, as sinaladas no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia e as que se sinalan nestas bases reguladoras e convocatoria específica.

QUINTA.- Compatibilidade

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2012, comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e a reintegrar a axuda ao Concello de Vigo no caso de tela recibido.

SEXTA.- Solicitudes e documentación

1. Solicitudes:

Os alumnos e alumnas que desexen optar á axuda poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) no Servizo de Educación do Concello de Vigo situado na Praza do Rei, 1 -11 andar, nas dependencias da EOI, ou ben descargalos da páxina web www.vigo.org, no seu apartado de Educación.

Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo establecido no punto terceiro, deberán entregar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n, 36202 Vigo) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/1999 de 13 de xaneiro.

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder a súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante fax ao Servizo de Educación (986.221726) xustificante do envío postal.

A presentación da solicitude desta axuda levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación nas páxinas web da Servizo de Educación do Concello de Vigo e da EOI así como nos taboleiros de anuncios oficiais de ámbalas dúas institucións.

4. Documentación:

- Solicitude da praza debidamente cuberta e asinada segundo o modelo que figura no **Anexo I**.
- 2 Fotocopias simples do DNI do solicitante ou pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).
- Xustificación de ingresos: Aqueles que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da Unidade familiar ou certificado de estar exento emitido pola Axencia Tributaria. Aqueles que non presenten a documentación acreditativa de ingresos ou situación económica de renda e patrimonio, no caso de estaren na lista como empatados con outro solicitante que sí a teñan presentada, non serán seleccionados, pasando a lista de reserva no lugar que por puntuación lles corresponda.
- Certificación académica orixinal da EOI de Vigo na que conste:
 - A cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media de 3 cursos aptos realizados nesta Escola, e desenvolvidos nos 5 últimos anos, no idioma no que solicita a bolsa.
 - Que está matriculado na EOI de Vigo no curso 2012-2013.
- Fotocopia simple y completa do libro de familia ou acreditación de outras circunstancias familiares especiais co achegamento da fotocopia simple do título de familia numerosa en vigor, se é o caso.
- Declaración responsable de non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos, segundo o modelo que figura no **Anexo II**.
- Declaración responsable de non ter gozado dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade nos cinco últimos anos, segundo o modelo que figura no **Anexo II**.
- Documentación acreditativa do nº de conta bancaria do/a solicitante.
- No caso de que o solicitante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

A obtención e disfrute da bolsa municipal falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impidiran, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da bolsa concedida, e a esixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

SÉTIMA.- Tramitación e reparación de erros.

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa dos mesmos, e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 71.1 da lei 30/1992 para que no prazo de 10 días, enmende a falta ou achegue os documentos requiridos, e se lle informará de que no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

OITAVA.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

■ A maior cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media de 3 cursos aptos realizados nesta Escola, e desenvolvidos nos 5 últimos anos no idioma no que solicita a bolsa.

■ A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:

-Categoría Especial = 1 punto

-Categoría Xeral = 0,5 puntos

■ Nembargantes, no caso de producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes cuxa renda sexa menor, ondeándose a lista por este criterio para adxudicar as bolsas restantes e tamén a lista de agarda. As bolsas serán adxudicadas, coas proporcións por idioma que se conteñen nestas Bases.

■ Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, e, se é o caso, trala valoración do nivel de renda e a aplicación ás listas do seu resultado, formarase unha lista ordenada de agarda para o caso de que existan baixas ou renuncias na lista inicial seleccionada en cada un dos idiomas obxecto desta convocatoria.

Para o caso de que, unha vez adxudicadas, haxa prazas vacantes por renuncia, serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda, que seguirá o procedemento establecido na presente cláusula.

NOVENA.- Comisión de valoración

A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada de Educación, Dña Raquel Díaz Vázquez, que actuará de presidenta; o Xefe do Servizo de Educación, D. Pedro M^a Vázquez Iglesias, que actuará como secretario; serán vocais da mesma, a Directora da EOIV, Dña M^a Cristina González Fernández e a Vicedirectora da EOIV, Dña Alicia Gil Martínez.

Este órgano colegiado emitirá unha proposta de resolución na que se concretará o resultado da avaliación.

A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

DÉCIMA.- Concesión e resolución das axudas

A Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto oitavo.

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, elevará á Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, nº de expediente, curso, destino e resolución das axudas/prazas indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega.

Así mesmo, o Servizo municipal de Educación, como Instructor, de conformidade co recollido na cláusula sexta, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Na relación constarán:

1. Concedidas

2. Denegadas: con indicación da/s causa/s de denegación

3. Lista de agarda: con indicación da puntuación correspondente

A Xunta de Goberno Local aprobará a listaxe definitiva de bolsas concedidas, denegadas e en lista de agarda.

Esta relación exporase na web www.vigo.org, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, e no taboleiro de anuncios da EOI Vigo.

O **prazo de resolución e notificación das bolsas** non excederá de **15 días hábiles** contados dende o remate do prazo de presentación de solicitudes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Aceptación da axuda

Os alumnos e alumnas que resulten beneficiarios e beneficiarias das bolsas deberán presentar, asinada, no Servizo de Educación do Concello de Vigo, situado na Praza do Rei, 1 -11 andar, unha aceptación expresa segundo modelo que figura no **Anexo III** nun prazo de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ás persoas beneficiarias ou da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas.

Coa finalidade de poder librar o 50% da bolsa no momento da concesión –tal e como se indica no apartado décimo segundo destas Bases-- os beneficiarios e beneficiarias deberán entregar, xunto coa aceptación expresa, un pre-contrato asinado cunha empresa ou entidade que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co Programa de estancias aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo que figura como Anexo IV destas Bases, e que obrigatoriamente deberá ter incluído un seguro de asistencia na viaxe, e cancelación antes e durante a estancia. Será responsabilidade da empresa o entidade que presta o servizo, a contratación da escola para a formación lingüística e o aloxamento en destino, segundo o programa establecido no Anexo IV das bases. A organización dos desprazamentos a os diferentes destinos é realizada pola empresa ou entidade que preste o servizo en nome dos beneficiarios/as, actuando unicamente como intermediario entre os bolseiros e as compañías de transporte, co obxectivo dunha mellor organización loxística do desprazamento dos beneficiarios/as. Sen prexuízo do momento no que sa produza a cancelación, o beneficiario/a, deberá asumir sempre e en todo caso o importe do billete do transporte conforme ás condicións de cancelación establecidas pola/s compañía/s emisora/s do/s mesmo/s, con independencia de que os beneficiarios/as exerciten cantas accións consideren oportunas fronte ás compañías emisoras, eximindo a empresa ou entidade que presta o servizo desta responsabilidade.

DÉCIMO SEGUNDA.- Xustificación e pagamento

Aos efectos de xustificar a subvención os beneficiarios deberán presentar facturas orixinais ou outros documentos de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados. As facturas deberán recoller o número de CIF, data, número e IVE que corresponda. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que, séndolle esixibles, non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, o Servizo de Educación municipal procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no mesmo o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Esta factura ou documento equivalente, deberá ir acompañada do preceptivo informe técnico emitido polo Servizo de Educación que recolla a conformidade dos documentos xustificativos presentados, e onde se manifeste expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención. Acompañarase obrigatoriamente a esta factura, certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOI.

Coa aprobación pola Xunta de Goberno Local do listado de beneficiarios/as, e a presentación da aceptación expresa do beneficiario --tendo en conta o disposto na Base 38ª das de Execución do Orzamento--, poderase aboar a este, en concepto de anticipo, o 50% da contía subvencionada (ao que podería aplicarse a retención correspondente de IRPF); isto en atención ás especiais características dos destinatarios, alumnado da EOI que podería non poder afrontar o pagamento por adiantado aos provedores deste tipo de servizos de transporte de viaxeiros e formación no estranxeiro, e, consecuentemente, a subvención perdería o seu sentido. En base ao disposto no artigo 42.2 b) do Regulamento da Lei xeral de subvencións, os beneficiarios quedarán exentos da achega da garantía para este pre-pagamento.

O pagamento do 50% restante (ao que igualmente podería aplicarse a retención correspondente de IRPF) farase trala realización efectiva do programa e previa presentación no Servizo municipal de Educación das correspondentes facturas orixinais, certificacións ou documentos equivalentes, emitidas a nome do solicitante polo importe total dos custos e coa certificación da Escola de Idiomas

na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOI.

En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa, debera realizarse polo beneficiario antes do remate do mes de xullo do ano 2013.

No caso de que un adxudicatario definitivo da bolsa renunciase á mesma unha vez percibido algún pagamento, poderá ceder a súa praza ao seu substituto da lista de agarda (establecido conforme ao disposto na cláusula oitava das presentes Bases), mediante escrito dirixido ao Concello de Vigo e documento fidedigno que acredite a transmisión do contrato asinado co provedor do servizo.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo de un mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

DÉCIMO CUARTA.- Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sanción

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

A renuncia ou anulación de matrícula do curso 2012- 2013 dará lugar ao reintegro das cantidades percibidas.

DÉCIMO QUINTA.- Tratamento de datos de carácter persoal

Para os efectos do disposto na disposición adicional do decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, as persoas solicitantes deberán autorizar expresamente á Administración concesora, a inclusión e publicidade nos rexistros regulados no citado decreto dos datos básicos relevantes referidos ás axudas recibidas.

A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou no seu caso, a revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido, segundo dispón a liña 2 da citada disposición adicional.

De conformidade co artigo 13.4º da lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública galega, a Concellería de Educación publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

DÉCIMO SEXTA.- Disposición final

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2012, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria. En todo aquilo non contemplado na presente convocatoria, será de aplicación o regulamento de réxime interno que será establecido polo Concello de Vigo.

ANEXO I									
SOLICITUDE DE CONCESIÓN DA BOLSA "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO. CURSO 2012-2013									
1	DATOS DO ALUMNO/A SOLICITANTE								
PRIMEIRO APELIDO:					SEGUNDO APELIDO:				
NOME:									
ENDEREZO						NÚM.	PISO	BLOQUE	C.P.
POBOACIÓN:					PROVINCIA:				
DATA DE NACEMENTO		SEXO			DNI / NIE		LETRA	PASAPORTE	
		Home		Muller					
TELÉFONO FIXO:					TELÉFONO MÓBIL:				
E-MAIL SOLICITANTE:									
2	DATOS ACADÉMICOS DO ALUMNO/A								
LINGUA NA QUE ESTÁ MATRICULADO NA EOI:							NIVEL:		
IDIOMA NO QUE SOLICITA A BOLSA: (Risque cun X o idioma que proceda)									
INGLÉS		ALEMÁN		FRANCÉS		ITALIANO		PORTUGUÉS	XAPONÉS
CALIFICACIÓN FINAL OBTIDA MEDIA DE TRES CURSOS ACADÉMICOS APTOS DESENVOLVIDOS NOS ULTIMOS 5 ANOS NO IDIOMA NO QUE SOLICITA NA BOLSA:									
3	DATOS RELATIVOS AO SOLICITANTE (Táchese o que proceda)								

É DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA OU RESIDENTE LEGAL:		SI		NON	
ESTÁ EMPADROADO NO CONCELLO DE VIGO:		SI		NON	
FAMILIA NUMEROSA:		ESP		XER	NON
4	ACHEGA DOCUMENTACIÓN (Risque cun X o que proceda)				
	2 Fotocopias do DNI, autorización de residencia ou pasaporte en vigor.				
	Copia do Libro de familia ou documentación acreditativa familia numerosa, se é o caso.				
	Certificación académica orixinal emitida pola EOI conforme ao disposto na Base 6ª				
	Copia da última declaración da renda ou certificado estar exento, se é o caso				
	Documentación acreditativa do nº de conta bancaria do/a solicitante				
	Outros. Especificar:				

Solicita, segundo o establecido na convocatoria das Bolsas Concello de Vigo curso 2012-2013, que se lle conceda a mencionada axuda para a participación no programa de estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV. Así mesmo, declara non estar incurso en ningunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Vigo, de de 2012

Sinatura do/a solicitante

<u>AUTORIZACIÓN INFORMACIÓN FISCAL</u>		
<p>Con motivo da solicitude de participación na convocatoria das Bolsas "Concello de Vigo" para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), Curso 2012-2013, dou expresamente o meu consentimento para a comprobación telemática, pola que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e, AUTORIZO ao Servizo de Educación do Concello de Vigo para que, conforme ao disposto no art 2.4º da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información á que se refiere o art 78.4º c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia en relación co cumprimento das miñas/nosas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.</p>		
Nome e Apelidos do/a solicitante	DNI / NIE	Sinatura
<p>Solicita, segundo o establecido na convocatoria de Bolsas "Concello de Vigo", para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), Curso 2012-2013; que se lle conceda a mencionada praza para a participación no programa indicado. Así mesmo, autoriza ao Servizo de Educación para o tramamento necesario e a publicación destes datos.</p>		

Sinatura Alumno/a solicitante

Vigo, de

de 2012

ANEXO II

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDAS AO ALUMNO/A NO MARCO DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO. CURSO 2012-2013

Don/dona:

Con enderezo en:

Código postal:

Concello:

co NIF nº:

Tendo presentada unha solicitude de axudas ao abeiro da convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para Estancias lingüísticas no estranxeiro pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo no curso 2012-2013

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que non ten concedida ningunha outra axuda para a participación en actividades coa mesma finalidade que as previstas nesta convocatoria.

Que non ten residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.

E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

Vigo,.....de.....de 2012

(sinatura do alumno/a)

ANEXO III

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA Á BOLSA “CONCELLO DE VIGO” CONCEDIDA PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO. CURSO 2012-2013.

Datos do solicitante:

Nome:

1º Apelido:

2º Apelido:

NIF:

ACEPTACIÓN DA BOLSA	RENUNCIA Á BOLSA

ACHEGO:

Contrato asinado cunha empresa que presta integramente o servizo necesario para o cumprimento do programa de estancias Lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

SOLICITO:

Sexa admitida e xuntada ao meu expediente, para participar da bolsa "Concello de Vigo" para estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV, curso 2012-2013.
Asemade, dou a miña conformidade a recibir a atención médica que, de darse o caso, fose precisa.

Vigo , de do 2012

Sinatura do beneficiario/a

Concello de Vigo. Concellería de Educación
Bolsas "Concello de Vigo" de estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado EOIV.
Prazo do Rei, 1 -11 andar
36202 VIGO

ANEXO IV
PROGRAMA DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO
DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO.
(BOLSAS CONCELLO DE VIGO. CURSO 2012-2013)

Aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (acta EOI de Vigo 09/11/2012):

Características xerais do Programa de Formación: Constará dos seguintes termos.

1. Curso de lingua:

Duración do Curso: 2 semanas.

Número mínimo de leccións a semana: 15 leccións / semana.

Duración mínima de cada lección: 45 minutos.

Numero máximo de estudantes por aula: 15 alumnos.

Profesorado Nativo na lingua de destino.

Realización de Test de nivel.

Diploma acreditativo

Características do centro de estudos:

Acreditación dos centros de estudo: Os centros de estudos deben de estar acreditados. No caso de Inglaterra debe de estar acreditado polo British Council, e nos destinos restantes por algún organismo nacional ou internacional.

A ubicación: No centro das cidades de destinos ou cerca da cidade.

Recursos: Deben de estar equipados con instalacións modernas (ordenadores, acceso a internet, biblioteca multimedia, espazo de estudos, etc).

2. Aloxamento: O aloxamento dependendo do destino, poderá ser:

I. En residencias de estudantes.

II. En apartamento compartido.

III. En casas convivindo con familias do país (en habitación individual).

Programa Formativo: Características Específicas

Destino	Tipo Aloxamento	Nº Becas
Londres	En residencias de estudantes ou apartamento compartido , con habitación individual / dobre compartida e baño individual/compartido e sen comidas.	36

Berlín	Residencia/hotel de estudantes en habitación individual con baño compartido e sen comidas.	3
París	Hostal - Residencia de estudantes en habitación dobre con baño compartido e sen comidas.	4
Roma	Apartamento/Piso compartido con habitación individual e con zonas comúns a compartir e sen comidas.	2
Lisboa	Habitación individual con familia, almorzo (primeira comida do día) incluído.	1
Xapón	Por conta do bolseiro	1

Total Bolseiros: 47

Características Destinos / Estancias:

Inglaterra	Londres	
a. Características del curso:		
Ubicación:	Londres Centro	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo Curso:	Intensivo: 30 leccións / semana	
Duración 1 lección	50 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	14 estudantes	
Outros datos de interese:	<input type="checkbox"/> Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo <input type="checkbox"/> A Escola deberá estar acreditada (ex: British Council, membro do English UK).	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	En residencias de estudantes ou apartamento compartido , con habitación individual / dobre compartida e baño individual/compartido e sen comidas.	
Situación:	Deberá estar ben comunicado ca escola.	
Total Bolsas		36

Alemania	Berlín	
a. Características del curso:		
Ubicación:	Berlín Centro	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo Curso:	Intensivo: 24 leccións / semana	
Duración 1 lección	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	15 estudantes	
Outros datos de interese:	Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Residencia/hotel de estudantes en habitación individual con baño e cociña compartida e sen comidas.	
Situación:	Céntrico e ben comunicado ca escola.	
Total Bolsas		3

Francia:	París	
a. Características del curso:		
Ubicación:	París Centro	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo Curso:	Intensivo: 30 leccións / semana	
Duración 1 lección	50 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	15 estudantes	
Outros datos de interese:	<input type="checkbox"/> Test de Nivel e Diploma Acreditativo <input type="checkbox"/> A Escola deberá estar acreditada (ex: TEF, UNOSEL, Chambre de	

	Commerce et d'industrie de Paris,...)
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal - Residencia de estudantes en habitación dobre con baño compartido e sen comidas.
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado ca escola.
	Total Bolsas 4

Italia:	Roma
a. Características del curso:	
Ubicación:	Roma Centro
Duración Programa:	2 semanas
Tipo Curso:	Intensivo: 30 leccións / semana
Duración 1 lección	50 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	14 estudantes
Outros datos de interese:	<input type="checkbox"/> Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo <input type="checkbox"/> A Escola deberá estar acreditada (ex: Membro da EAQUALS, de ELITE ou de ASILS).
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Apartamento/Piso compartido con habitación individual e con zonas comúns a compartir e sen comidas.
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado ca escola.
	Total Bolsas 2

Portugal:	Lisboa
a. Características del curso:	
Ubicación:	Lisboa Centro
Duración Programa:	2 semanas
Tipo Curso:	Intensivo: Entre 20 - 30 leccións / semana
Duración 1 lección	50 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	14 estudantes
Outros datos de interese:	<input type="checkbox"/> Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo <input type="checkbox"/> A Escola deberá estar acreditada.
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Habitación individual con familia, almuerzo incluído, cuarto de baño compartido, espazos comúns, cociña non incluída
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado ca escola.
	Total Bolsas 1

Xapón:	Destino aberto
a. Características del curso:	
Ubicación:	Destino aberto.
Duración Programa:	2 semanas
Tipo Curso:	Estándar: Entre 15 - 20 leccións / semana
Duración 1 lección	50 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	14 estudantes
Outros datos de interese:	<input type="checkbox"/> Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Correrá por conta do bolseiro
	Total Bolsas 1

31(1517).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9187/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 25 de outubro de 2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 31.10.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 22.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a **Fundación “Vigo Convention Bureau”**, con CIF: **G27722883**.
- Autorizar o gasto de 72.375,94 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra parte, D. Pablo Cameselle Martínez co DNI 36115775W en calidade de director xerente da Fundación Vigo Convection Bureau, facultado polo Comité executivo da Fundación Convention Bureau en xuntanza mantida o día 31 de xullo de 2012, con domicilio social en Recinto Feiral de Vigo IFEVI Avda Aeroporto 772 Cotogrande, 36318 de VIGO e CIF G27722883.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de

parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións, fundacións, federacións, asociacións vecinais, sociais, empresarias, sindicais etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación de **Fundación “Vigo Convention Bureau”**, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros fins e actividades, a promoción da cidade de Vigo como sede para a celebración de congresos, incentivos e, en definitiva, todo tipo de eventos que atraian visitantes e turismo de negocio á cidade máis grande e motor económico de Galicia.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación do trismo en Vigo e do sector relacionado co mesmo da **Fundación “Vigo Convention Bureau”**, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria

pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é :

- Informar de xeito integral e integrador da oferta de servizos turísticos dispoñibles.
- Servir de polo de atracción para captar a visitantes e turistas.
- Presentar a oferta de servizos e produtos turísticos existente na cidade de Vigo.
- Prestar apoio aos hoteis e outros puntos de concentración de visitantes na actualización da información e dos materiais dispoñibles para os turistas.
- Ser referente local de turismo para visitantes e para vigueses que desexen redescubrir a súa cidade e poidan derivar usuarios e consultas ao mesmo.
- Promoción e apoio á comercialización de produtos turísticos de Turismo de Vigo.
- Facilitar información e atención ó turista sobre os recursos turísticos da cidade: monumentos, actividades de recreo e ocio, museos, praias, hoteis, transportes, rutas turísticas, gastronomía, espectáculos, feiras, festas, etc, así como calquera outras información que pola súa natureza ofrezca atractivo para o visitante.
- Elaboración de estatísticas das oficinas de información e servizos turísticos, para recoller o perfil de visitante, medio de transporte, motivación da viaxe, tipo de aloxamento elixido, etc.
- Actualización do inventario de recursos turísticos.
- Apoio á realización de estudos e informes de produtos e mercados turísticos.

V.- Que a **Asociación de Fundación “Vigo Convention Bureau”** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da **Asociación de Fundación “Vigo Convention Bureau”**, o Concello de Vigo e a dita **Asociación de Fundación “Vigo Convention Bureau”** convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A **Asociación de Fundación “Vigo Convention Bureau”**, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e, concretamente, a:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada co fomento do turismo e o emprendemento no sector, mediante a realización das actividades de:
 - Información de xeito integral e integrador da oferta de servizos turísticos dispoñibles.
 - Servir de polo de atracción para captar a visitantes e turistas.
 - Presentar a oferta de servizos e produtos turísticos existente na cidade de Vigo.
 - Prestar apoio aos hoteis e outros puntos de concentración de visitantes na actualización da información e dos materiais dispoñibles para os turistas.
 - Ser referente local de turismo para visitantes e para vigueses que desexen redescubrir a súa cidade e poidan derivar usuarios e consultas ao mesmo.
 - Promoción e apoio á comercialización de produtos turísticos de Turismo de Vigo.
 - Facilitar información e atención ó turista sobre os recursos turísticos da cidade: monumentos, actividades de recreo e ocio, museos, praias, hoteis, transportes, rutas

turísticas, gastronomía, espectáculos, feiras, festas, etc, así como calquera outras información que pola súa natureza ofrezca atractivo para o visitante.

- Elaboración de estatísticas das oficinas de información e servizos turísticos, para recoller o perfil de visitante, medio de transporte, motivación da viaxe, tipo de aloxamento elixido, etc.
- Actualización do inventario de recursos turísticos.
- Apoio á realización de estudos e informes de produtos e mercados turísticos.
- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
- No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

4. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
5. Respetar a estrutura organizativa da **Asociación de Fundación “Vigo Convention Bureau”**
6. Conceder directamente á **Asociación de Fundación “Vigo Convention Bureau”** unha subvención total por importe de 72.375,94 € con cargo á partida 2410.4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá

efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

IV.A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

V.En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

VI.A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1.-O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

2.-Tres vocais:

1.Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

2.Dous a membros da Xunta directiva da entidade **Asociación de Fundación "Vigo Convention Bureau"**.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluíra a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de novembro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal,

sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola **Asociación de Fundación “Vigo Convention Bureau”** no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitava.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

32(1518).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2013. EXPTE. 4676/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta da Secretaria da Mesa de Contratación, de data 21.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado con publicidade para a contratación do deseño e produción das carrozas para a cabalgata de Reis 2013 (expediente nº 4676-335) no seguinte orde decrecente:

1. LA FIESTA ESCÉNICA, S.L.: con una puntuación de 7,75 puntos
2. C.A. TOTALITY GROUP, S.L.U.: con una puntuación de 6,50 puntos

Segundo.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar, LA FIESTA ESCÉNICA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva.

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

33(1519).- MONTAXE DUNHA PISTA DE XEO NA AVDA. CASTELAO, POLA EMPRESA DIVERNENO VIGO S.L., DO 1 DE DECEMBRO 2012 Ó 13 XANEIRO 2013. EXPTE. 9229/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta do técnico de Admón. Xeral, de data 20.11.2012, conformado polo Alcalde, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Autorizar a montaxe dunha pista de Xeo de 28x18m , baixo unha carpa de 50x20 m na avenida Castelao , á empresa **Diverneno Vigo s.l.**(cif:B-15573785), durante o período comprendido entre o 1 de decembro de 2012 e o 13 de xaneiro de 2013, en base as especificacións técnicas que constan no presente expediente.

Segundo:A empresa **Diverneno Vigo s.l.**(cif:B-15573785), responsabilizarase de cumprir todos os requisitos técnicos así como de seguridade necesarios para as actividades previstas no programa.

34(1530).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9,20 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.